



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 39)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto

D^a. M^a del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde de outubro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Srs. Deputados D. Pablo Rivera Capón e D. Miguel Fernández Méndez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de outubro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO. LOTE 1 CAM CASTROVERDE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación, que contén o seguinte:

“Antecedentes.

1.- Acordo da Xunta de Goberno, de data 16 de setembro de 2022, de adxudicación do contrato das prestacións a persoas maiores nos centros de atención a maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, 2022/CON_02/000017, lote 1 CAM Castroverde á entidade As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L.

2.- Contrato asinado con data 24 de outubro de 2022, con CSV IV7AY7CZFJJTR6N3W34XEFJQKM.

3.- Acta de inicio do contrato con CSV IV7AYKDI3AN2ZWGDW4XTB3SBKQ, que establece unha duración de un ano, desde o día 1 de novembro de 2022, coa posibilidade de tres prórrogas máis de 1 ano + 1 ano + ata 12 meses de duración máxima, tendo en conta os compromisos establecidos nos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos tanto a efectos económicos como a efectos de vixencia, a cal remataría o 20.06.2026.

4.- Solicitud presentada en data 11 de outubro de 2023, con número de rexistro 2023RT015551, pola adxudicataria do contrato arriba mencionado, As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L., de autorización de cesión da execución do devandito contrato á empresa CK Senior Gestión S.L., na que manifestan:

“Que respecto de la capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible al cesionario, CK Senior Gestión, S.L., en función de la fase de ejecución del contrato, éste manifiesta que ya obra en poder de esa Diputación Provincial al haberla aportado en los expedientes número: 2022/CON/02-000012, Lote 2- CAM Ribadeo; 2022/CON/02-000015, Lote 1- CAM Pol; 2022/CON_02/000017, Lote 2- CAM Pedrafita do Cebreiro”.



5.- Informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade de data 13 de outubro de 2023.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto

en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo. Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”

Segunda.- No expediente que nos ocupa, a cesión obedece a unha opción inequívoca dos pregos, recolléndose na cláusula 30.1 do PCAP.

Terceira.- As cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou en base aos



criterios de adjudicación contidos no PCAP, circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adjudicataria.

Cuarta.- Da cesións non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. As licitacións tramitáronse por un procedemento ordinario aberto, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adjudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe dos contratos, segundo consta no informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

“Segundo os datos que contan en Benestar Social e Igualdade a cedente do contrato que ocupan este documento ten executado, polo menos, un 20 por 100 do importe do contrato:

Contrato administrativo de servizos para as prestacións a persoas maiores nos centros e Pedrafita do Cebreiro, 2022/CON_02/000017 (lote 1 CAM Castroverde) entre a Deputación de Lugo e As Rodas Vivenda Comunitaria S.L., consta executado a 30.09.2023 un 54,76 % do importe de adjudicación do citado contrato”.

Sexta.- Cúmprese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

“c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar”.

Incorpórase ao expediente a documentación esixida na cláusula 17 do PCAP da empresa CK Senior S.L (documentación que obra no expediente 2022/CON_02/000015 LOTE 1 CAM Pol e documentación adicional incorporada polo servizo de contratación por autorización da cesionaria):

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP): Consta no Rolece CIF da empresa, DNI do representante, obxecto social e aporta escritura de nomeamento de administrador único.
2. Obrigas tributarias e da Seguridade Social (artigo 13 e seguintes do RXLC): Incorpóranse ao expediente, por autorización da cesionaria, certificación de alta no IAE, certificados de estar a corrente da AEAT, Seguridade Social e Recadación da Deputación de Lugo.
3. Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica: Constan no Rolece contas do ano 2020 con volume a global de negocios superior ao esixido no PCAP (letra M cadro resumo: 473.060,42 €).

Incorpóranse certificados de boa execución que acreditan experiencia en xestión integral de centros sociais con aloxamento, que, en todo caso, comprenden servizos, traballos ou actividades de servizos sociais, de limpeza e lavandaría, correspondentes ao ano 2021, que obran na Deputación, por importe superior a 473.060,42 €.

4.- Adscrición de medios persoais ou materiais: Presenta declaración responsable de “Que conta con medios persoais e materiais suficientes para a execución do obxecto do contrato e que se compromete a adscribir a execución do contrato os medios mínimos que se describen no anexo VII do PCAP e no PPT”.

5.- Incorpórase certificado de estar inscrito no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da comunidade autónoma de Galicia e consulta realizada na web de dito rexistro de que está de alta a día de hoxe.

Sétima.- Comprobouse así mesmo, polo Servizo de Benestar Social que o cedente ten executado como mínimo un 20 por cento do importe dos contratos e que na execución dos contratos que se ceden non hai ningún procedemento de penalidades ou incumprimentos pendentes.

Oitava.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado os contratos son susceptibles de cesión; as cesións non supoñen unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia/clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe dos contratos.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado. Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:



- a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia de escritura pública.
- b) Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.
- c) Dende esa data -de formalización de escritura pública- debe procederse á constitución da garantía polo cesionario, polos mesmos importes que as actualmente constituídas. En tanto non se constituía a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente. O importe da garantía constituída ascende a 33.790,03 euros.

Novena.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Décima.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión.

Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito.”

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión, pola empresa As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L. á empresa Ck Senior Gestión S.L., do contrato de prestacións a persoas maiores nos Centros de Atención a Maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro. 2022/CON_02/000017. Lote 1 CAM Castroverde.

2º.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

- a) Escritura pública de formalización das cesións entre o cedente e o cesionario.
- b) Resgardos acreditativos da constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída (33.790,03 euros) En tanto non se constituía a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA ACTUALIZACIÓN, ANÁLISE, MANTEMENTO E MELLORA DA ENQUIISA DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS LOCAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do do servizo consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais dos Concellos da Provincia de Lugo, 2023/CON_02/000063, consta no mesmo:

- 1.- Orden de inicio de expediente de contratación e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7P62BN3QX6L6526NNFAZSQKY¹.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7PYECJBLXPZ3M36JGSPY2PGA.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7P6YLTJP4PRTNDRX5GOUZQI4.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7P2KJCPVPLZCUNWU4H74LRKY.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7P2KJ3LIV3X3RL4YNNNG5XA4A.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7P20CZYHVOJBE3654BKV2CD4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais dos Concellos da Provincia de Lugo, cun prazo de execución de seis meses.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 75.206,61 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 15.793,39 €, o que fai un total de 91.000,00 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVERTEMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
NEGUEIRA DE MUÑIZ	184	MELLORA DE CAMIÑO EN VILASECA	0,00€	23.265,90€	23.265,90€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III referente á adxudicación do investimento.

5. A Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz a través de escrito de data 11/10/2023 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 184, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... por ser adscrita a unha das ordes de subvención da Xunta de Galicia e ser executada por esta...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
NEGUEIRA DE MUÑIZ	184	MELLORA DE VIARIO MUNICIPAL EN PIEIGA E SARCEADA	275,79€	23.265,90€	23.541,69€



6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ ou motivos xustificados , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Negueira de Muñiz que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz, e en consecuencia, aprobar a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 modificado no investimento do Concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
NEGUEIRA DE MUÑIZ	184	MELLORA DE VIARIO MUNICIPAL EN PIEIGA E SARCEADA	275,79€	23.265,90€	23.541,69€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación de adenda de modificación do convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo para o desenvolvemento do “Programa provincial de piragüismo”.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se establece:

Asunto: Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo para o desenvolvemento do “Programa provincial de piragüismo”.

En relación ao asunto de referencia emítese o seguinte informe:

Primeiro.- O 30 de decembro de 2020 asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo para o desenvolvemento do “Programa provincial de piragüismo”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 30 de decembro de 2020.

Na súa virtude, FEGAPI comprometeuse, entre outros, a cumprir o obxecto, realizar a acción ou adoptar o comportamento que fundamenta o presente convenio, acreditando ante a Deputación de Lugo a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determina a concesión do cofinanciamento.

Segundo.- O Servizo de Deportes no trámite ordinario de xestión detecta erro temporal na cláusula sétima do referido convenio no relativo ao período de vixencia do convenio de colaboración.

A referida cláusula Sétima do convenio asinado en data 30 de decembro de 2020, reflicte o seguinte:



“En todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se preceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa aportada por FEGAPI, que salvo prorroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2024, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023.”

Así mesmo, á vista do resto de cláusulas nas que se referencian as anualidades (2021, 2022 e 2023) de financiamento e do expreso período de xustificación previsto no que (...) FEGAPI deberá xustificar a execución das actuacións previstas neste convenio, en todo caso, como máximo o día 31 de marzo da anualidade seguinte, durante os tres anos de duración deste convenio, quedando fixada como data de presentación da última conta xustificativa o día 31 de marzo de 2024 (...) constátase por tanto, un evidente erro material na citada cláusula sétima, que procede rectificar de acordo ao previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que dispón que “As Administracións Públicas poderán, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Ha de terse en conta que se trata de erro evidente por si mesmo e que se manifesta no contido do acto, susceptible de rectificación, sen afectar á pervivencia do mesmo.

Terceiro.- Respecto das posibles modificación do convenio de referencia, establécese o seguinte:

Cláusula novena. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Cuarto.- En todo caso, acreditada a concorrencia de interese común e visto que non se alterarían as condicións esenciais do documento inicial, a xuízo do servizo de Deportes, e á vista das circunstancias expostas, procede tramitar a respectiva adenda consistente na modificación da cláusula Sétima do convenio asinado en data 30 de decembro de 2020, atendendo as circunstancias expostas, e así mesmo, ao equilibrio nas previsións de trámites ordinarios e extraordinarios do propio servizo de Deportes e dos demais servizos da Deputación afectados, polo que se considera procedente modular os prazos a rectificar, quedando o parágrafo segundo indicado da cláusula sétima do seguinte xeito:

(...)

“En todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se preceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa aportada por FEGAPI, que salvo prorroga expresa antes da súa finalización, será o 30 de setembro

de 2024, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de xullo de 2024.”

(...)

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo para o desenvolvemento do “Programa Provincial de Piragüismo”, formalizado o 20 de decembro de 2020, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Fomento e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a federación Galega de Piragüismo para o desenvolvemento do “Programa Provincial de Piragüismo” formalizado o 30 de decembro de 2020, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas en tanto non se vexan afectadas por esta modificación:

Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo co obxecto de colaborar no desenvolvemento do “Programa provincial de piragüismo”. Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2020).

Reunidos.

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no seu nome D. Efrén Castro Caloto, Vicepresidente e deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, en virtude da Resolución desta Presidencia de data 14 de xullo de 2023.

E doutra, don José Alfredo Bea García, con DNI nº: ***5618**, na súa condición de Presidente, Actúa en nome e representación da Federación Galega de Piragüismo “FEGAPI”, con CIF: G36040764, e sede social en Pontevedra, Centro Deportivo Pontillón do Castro, rúa Gabián s/n, Verducido, C.P 36151, con poderes suficientes



para a celebración de este acto, en exercicio das facultades atribuídas para o efecto no artigo 32 dos seus estatutos federativos.

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.

Primeiro.- O 30 de decembro de 2020 asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo para o desenvolvemento do “Programa Provincial de Piragüismo”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 30 de decembro de 2020.

Segundo.- O Servizo de Deportes da Deputación Provincial de Lugo no trámite ordinario de xestión detecta erro temporal na cláusula sétima do referido convenio no relativo ao período de vixencia do convenio de colaboración, evidente por si mesmo e que se manifesta no contido do acto, susceptible de rectificación, e que non afecta á pervivencia do mesmo.

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- A Cláusula sétima.- vixencia do convenio de colaboración queda redactada do seguinte xeito:

“(…)

“En todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se preceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa aportada por FEGAPI, que salvo prorroga expresa antes da súa finalización, será o 30 de setembro de 2024, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de xullo de 2024.”.

(…)

Segunda.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 2 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS Á INFORMACIÓN PÚBLICA DO ANEXO EXPROPIATORIO E DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS NO PROXECTO PARA A CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL" DO P.K. 106+500 AO 107+887. POL-CASTROVERDE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes:

O proxecto de Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 "Cinturón comarcal" do P.K. 106+500 ao 107+887. POL- CASTROVERDE, foi redactado por Vías e Obras en setembro do 2022, aprobado pola Xunta de Goberno do 07/10/2022 e exposto ao público por espazo de 20 días, sen presentarse alegación algunha, polo que quedou definitivamente aprobado.

Neste proxecto reflíctese que para a execución das obras será preciso ocupar terreos que foron adquiridos pola Deputación de Lugo mediante o procedemento legal de expropiación forzosa no expediente denominado 79 P.O.L. 95. Pol e Castroverde. E.P. Mosteiro a Castroverde, tramo Luaces á estrada vella, debido a que a *causa expropriandi* ou motivo da expropiación dos bens e dereitos é o mesmo, e dicir, o ensanche do tramo de estrada que falta por realizar que a súa vez precisa da construción dunha ponte, dentro dos mesmos límites da liña de afección.

O 9 de agosto do 2023, Dona Alicia Seijas Eiras en nome seu e en representación da comunidade hereditaria de Don José Seijas Domínguez, sen acreditalo fidedignamente, presentou un escrito poñendo en coñecemento do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos a existencia dunha sentenza xudicial estimatoria do recurso 7680/1999 anteposto por Don José Seijas Domínguez perante o Xulgado Superior de Xustiza de Galicia que anula a expropiación da finca 55-A do expediente 79/95 considerándoa unha ocupación pola vía de feito sen cobertura leal.

Por mor desta circunstancia, dando por anulada a expropiación da finca 55-A, o Servizo de Vías e Obras redactou o anexo de expropiación do proxecto que



comprende o plano parcelario e a relación de bens para iniciar un novo expediente expropiatorio coa finalidade e obxecto de adquirir axeitadamente a finca 55-A2 descrita nel, coincidente en parte coa anulada, necesaria para a realización das obras do proxecto.

O 25/08/2023 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou o anexo expropiatorio e o inicio do expediente de expropiación forzosa.

O anexo expropiatorio e a relación de bens, dereitos e propietarios afectados foron sometidos a información pública no BOP e no diario El Progreso como indica o artigo 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF).

O 02/10/2023, dentro do prazo de alegacións, Dona Alicia Seijas Eiras no seu nome e no interese dos Herdeiros de Don José Seijas Domínguez presentou escrito de alegacións á información pública, tamén sen acreditalo fidedignamente, con número de rexistro de entrada 2023RT015032, no que expón unha serie de alegacións respecto das cales debe informarse que:

1.- Esta administración é consciente e así se fai constar, da existencia a carón das obras dos bens incluídos no catálogo de bens protexidos do PXOM de Castroverde, polo cal se solicitou á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, organismo competente en materia de protección, autorización para a realización da totalidade das obras contidas no proxecto, con resolución favorable.

2.- Respecto da titularidade, mentres que non conste documentación que identifique os herdeiros, o expediente deberá seguir ao nome de Herdeiros de José Seijas Domínguez.

3.- Respecto da exposición, segundo consta na certificación do Secretario Xeral da Deputación do 09/11/2022, o proxecto foi exposto ao público por espazo de 20 días, a partir do día seguinte do anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 232 do 10/10/2022, período durante o que non se presentou ningunha alegación, polo que está definitivamente aprobado e, xa que logo, o seu contido, coas referencias necesarias para a construción das obras e das afeccións.

De todos os xeitos, cabe subliñar que segundo se reflicte no proxecto e no anexo expropiatorio, a proxección vertical da aresta exterior da ponte queda, no punto máis preto, a uns 3,60 m. dos restos da edificación, aínda que se necesita adquirir a superficie que considerou o Servizo de Vías e Obras e que se sinala no plano parcelario do anexo, non chegando a afectar eses restos.

4.- Este Servizo de Expropiacións descoñece o manifestado na súa alegación “cuarta”.

5.- No anexo expropiatorio soamente se sinala a finca 55-A2 porque a 55-A, que coincide parcialmente, foi a única finca cuxa declaración de necesidade de ocupación foi anulada, mentres que o resto dos terreos necesarios ocupar foron adquiridos no expediente 79/95 e así se reflicte no proxecto e no anexo.

O dito expediente desenvolveuse cos correspondentes trámites, publicacións, actas, pagos ou consignacións, de acordo coa LEF, sen que houbera no resto de fincas ningún outro recurso ou interdicto.

A anulación, no seu momento, non prohibe o inicio dun novo expediente expropiatorio, que se fai ao abeiro do artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG) e o artigo 56.1 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RLEG).

6.- En canto á descrición material e xurídica considérase suficientemente definida nos seguintes apartados, a saber:

A.- Na relación de bens identifícase a finca mediante o número de parcela, referencia catastral, titularidade, clasificación básica do solo, superficie afectada e os bens existentes nela, sen que se aprecie omisión ningunha.

B.- No anexo expropiatorio vén suficientemente definida a liña de afección e a superficie que é necesario ocupar e afectar, co número de parcela coincidente coa relación, sen que se aprecie omisión ningunha.

Recoñécese en todo momento, de acordo co PXOM de Castroverde, estar na área de influencia e protección do conxunto.

O solo está clasificado como solo rústico de protección de augas, sendo xa que logo un solo en situación básica de solo rural definido no artigo 21 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.

Conclusiones.

Visto o que vai dito, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por Dona Alicia Seijas Eiras.

2º.- En consecuencia, dar por aprobado definitivamente o anexo expropiatorio do proxecto de Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 "Cinturón comarcal" do P.K. 106+500 ao 107+887. POL- CASTROVERDE.

Segundo o artigo 22.5 da LEG e o artigo 56.1 do RLEG, a aprobación definitiva do proxecto e do anexo expropiatorio implica a declaración de utilidade pública, a



necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras e tamén a declaración de urxencia da ocupación.

3º.- Continuar coa tramitación do expediente de expropiación polo procedemento de urxencia de acordo co artigo 52 da LEF.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA LUGOTERMAL 2023-2024 PERTENCENTE A BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Pablo Rivera Capón, en calidade de Delegado da Área de Promoción Económica e Social, da Deputación Provincial de Lugo, expón:

A Deputación de Lugo dende o ano 2011 ven desenvolvendo programas de termalismo dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, na provincia de Lugo, en aras de promover o benestar social dos seus cidadáns.

Consta informe da xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade relativo á posta en marcha dunha nova edición do programa LugoTermal co CSV IV7P22L3HQ7IQXUIWL4NCELW6I, no que se informa que é un programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, que potencia o envellecemento activo a través do termalismo, estando encadrado dentro das accións para mellorar o benestar social e a promoción da autonomía persoal, así como, a prevención e a detección precoz da dependencia, sendo necesario para a posta en marcha do mesmo a súa aprobación e posteriormente a tramitación do expediente de contratación das prestacións termais e as bases e convocatoria para a selección das persoas usuarias.

Tendo en conta todo o anteriormente establecido e vistos os demais documentos emitidos relativos ao citado programa propónse á Xunta de Goberno acorde:

Aprobación do programa LugoTermal 2023-2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.-PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE A PARTICIPAR NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2023).

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito presentado por Rafael Fernández Díaz con DNI ***3328** en representación da Asociación A Chavella de Coroto, con NIF G27512730 polo que renuncia a unha excursión concedida no marco do programa Coñece a túa provincia (2023/PES_03/020267).

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), aprobadas en Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 9 de xaneiro de 2023.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 3 de febreiro de 2023 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), sendo publicada a listaxe definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 24 de febreiro de 2023.

Visto que con data 3 de outubro de 2023 o Servizo de Turismo emitiu o informe que a continuación se transcribe:

“Antecedentes:

Bases reguladoras e convocatoria do programa Coñece a túa provincia (anualidade 2023), publicadas no BOP 006 de data luns 9 de xaneiro de 2023.

Acordo de Xunta de Goberno de data 3 de febreiro de 2023 polo que se aproban as listaxes de entidades admitidas, de entidades en agarda e de solicitudes excluídas para participar no Programa Coñece a túa provincia 2023 (listaxe definitiva publicada no BOP nº 045 de 24 de febreiro de 2023 na que figura a Asociación A Chavella de Coroto con NIF G27512730 no posto nº 48 da listaxe de entidades admitidas).

Correo electrónico de data 6 de xuño de 2023 no que se comunica á Asociación A Chavella de Coroto a data para realizar a excursión concedida o 21 de setembro de 2023.



Correo electrónico de data 11 de setembro de 2023, no que a Asociación A Chavella de Coroto remite unha lista de 13 persoas para participar na excursión a celebrar en data 21 de setembro de 2023.

Correo electrónico de data 19 de setembro de 2023 da Asociación A Chavella de Coroto no que se informa a este Servizo de que “Lamentablemente, 3 dos nosos participantes na excursión non poden asistir, polo que nos quedamos con so 10.

1 por enfermidade (cuadro catarral con fiebre)

2 porque tiveron que marchar a Barcelona por inundacions na su vivenda polas fortes chuvias.”

Correo electrónico de data 19 de setembro de 2023 da Asociación A Chavella de Coroto no que se indica expresamente “Para o voso coñecemento e efectos, oportunos, vemonos na obriga, por causa de forza maior, de anular a excursión do próximo xoves , día 21 de setembro, da nosa Asociación”. Presentaremos por rexistro dita anulación”.

Escrito de data 27 de setembro de 2023 con número de rexistro 2023RT014835, polo que a entidade presenta a súa renuncia á excursión concedida alegando “causa de forza maior xustificada”.

Fundamentos de dereito:

Bases reguladoras da convocatoria do programa Coñece a túa Provincia –anualidade 2023- aprobadas pola Xunta de Goberno o 22 de decembro de 2022 e publicadas no BOP o 9 de xaneiro de 2023, nas que se sinala:

(...)

8.3 Número de participantes: en cada excursión poderán participar un máximo de 23 persoas e un mínimo de 11. De non acadarse o mínimo de 11 persoas para formar grupo, a viaxe será anulada.

(...)

9.8 “Renuncia: no caso de que a entidade beneficiaria decida renunciar ao programa ou non reúna a cantidade mínima de participantes esixida, deberá presentar por rexistro cuberto e asinado o modelo de renuncia que figura no Anexo II destas bases reguladoras no prazo máximo de sete días hábiles antes da excursión. No caso de que a renuncia se produza nun prazo inferior ao indicado, a entidade perderá o dereito de participar na seguinte edición do programa, agás que a renuncia sexa debida a causas de forza maior xustificadas”.

Conclusión.

A asociación non presentou renuncia expresa no prazo establecido no punto 9.8 das bases reguladoras da convocatoria do Programa Coñece a túa provincia pero comunicou por correo electrónico que non reunía o número mínimo de once participantes esixido para participar na excursión dous días antes da data asignada alegando causas de forza maior imputables a tres participantes, quedando finalmente vacantes 13 das 23 prazas que tiñan concedidas segundo fora solicitado e tal e como figura no expediente 2023/CTP_03/000142 e no acordo de concesión publicado no BOP nº 45 de 24 de febreiro de 2023, polo que finalmente non realizou a actividade, sendo necesario proceder á súa cancelación estando xa plenamente programada.

Polo anteriormente sinalado, transcorrida a data asignada ao colectivo para participar no programa Coñece a túa provincia e á vista da renuncia presentada pola entidade, procede elevar informe á Xunta de Goberno para resolver sobre a anulación da viaxe correspondente.”

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Estimar a renuncia da Asociación A Chavella de Coroto con NIF G27512730 para participar no programa Coñece a túa provincia (anualidade 2023).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º. Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de xullo de 2022, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2022, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.052 do sábado 05 de agosto de 2022, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.



CATEGORIA	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	Subvención
Actividade competitiva federada 2022	CLUB DE TIRO SAN ROQUE	G27135037	TIRO OLIMPICO	447,00 €
Organización de eventos deportivos 2022	CLUB DE TIRO SAN ROQUE	G27135037	GRAN TIRADA CLUB DE TIRO SAN ROQUE	528,00 €

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS ESPECIAIS POR NOMEAMENTO COMO PERSOAL EVENTUAL NO GABINETE DO VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Manuel Blanco Vila, Técnico Cámara Reporteiro do Cadro de Persoal Laboral Fixo desta Deputación Provincial de Lugo, ten comunicado, mediante escrito, de data 4 de outubro de 2023, que tivo entrada nesta Entidade o mesmo día, que foi nomeado Persoal Eventual no Gabinete do Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, polo que solicita se acorde a súa declaración en situación de servizos especiais, con todos os efectos inherentes a que ten dereito.

Tendo en conta que para a determinación da procedencia da solicitude deberase acudir á normativa aplicable, é dicir, Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP do xoves 30 de agosto de 1990 e Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Con fundamento no contido do informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, de data 18 de outubro de 2023, que fai referencia á situación administrativa de servizos especiais que corresponde declarar, conforme á normativa sinalada.

Á vista do sinalado e dos informes dos Servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Recoñecer a D. José Manuel Blanco Vila na situación administrativa de servizos especiais, con efectos económicos e administrativos do día 4 de outubro de 2023, data na que se nomea como Persoal Eventual do Gabinete de Presidente primeiro e Conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes, así como cos efectos oportunos que se recollen no artigo 168 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia en virtude do sinalado no artigo 23 do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, por considerarse esta situación máis beneficiosa que a de excedencia voluntaria, recollida no artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.